


Como presentamos os traballos escritos?

Estrutura do traballo escrito

Ante a necesidade de realizar traballos ou facer exercicios e ter que envialos para a súa corrección, deberemos seguir unhas pautas que faciliten a lectura e cualificación dos mesmos.




Todos deberemos seguir estas pautas, e de non facelo non serán revisados polo profesor/a.





Calquera documento deberá conter as seguintes partes:

- Portada: incluiremos o título do traballo, o nome do autor, a data de creación e o curso. Poderemos empregar imaxes representativas do tema para facelo máis atractivo, pero sen exceso.	
- Táboa de contido ou Índice, cos apartados principais e a páxina correspondente.	
- Introdución: explicaremos de xeito global o contido do traballo e os obxectivos que perseguimos.	
- Desenvolvemento dos contidos do traballo. Exporemos punto por punto as diferentes partes. Poderemos utilizar imaxes que aclaren o explicado cando sexa posible, engadindo un pé que as explique.	

- Conclusión: resumiremos as ideas fundamentais analizadas ao longo do documento.	Material: Prácticas de laboratorio CONCLUSIÓN Mediante el ensayo de flexión por choques hemos conseguido: 1. Caracterizar y diferenciar las propiedades mecánicas de un acero frente a cargas de flexión por impacto y de resaca por impacto a choques, midiendo la energía que el metal es capaz de absorber hasta su rotura cuando aplicamos diferentes energías de impacto. 2. Comparando la tensión de rotura frente a las diferentes energías por impacto, obteniendo los valores de tensión en función de la velocidad de aplicación de la carga. 3. Observando, por la animación realizada, que al aumentar la carga de tensión, la deformación hasta la rotura (tensión a la rotura) es mayor, y por tanto el valor absoluto de la energía absorbida, cuanto mayor sea la energía de impacto aplicada. 4. Concluimos en la hipótesis de esta última afirmación puesto que a mayor velocidad de aplicación de la carga a energía de impacto que el metal tiene que absorber, cuanto tiempo dispone el mismo para resistir la rotura es menor, reduciendo por ende la deformación, reduciendo una estructura menos plástica, con un mayor valor de tensión a la rotura con altas velocidades de impacto. 2. Facilitaremos con estos valores de ensayo, sus fundamentos y objetivos. 3. Facilitaremos un poco más una idea de ensayo de laboratorio en el laboratorio.
- Bibliografía e outras fontes consultadas (webgrafía, entrevistas orais, etc). Os libros deben mencionarse na seguinte orde: autor (Apellido e nome), título, editorial, ano de publicación.	Bibliografía AQUINO I CUDOLÁ, Víctor. La Aplicación Del Marco Jurídico De La Inmigración En Las Administraciones Locales: Un Primer Balance (I). Cuadernos De Derecho Local, 2002, pp. 7-43. DIALNET. ISSN 1696-0955. DÍAZ, Cristina. La Protección De La Marca No Registrada En España: <i>Passing Off</i> Y Marca No Registrada ¿es Posible Armonizar? Valencia: Tirat, lo Blanch, 2010. ISBN 9788498767872. FIRTH, Alison. Trade Marks: Law and Practice. 3rd ed. Bristol: Jordans, 2012. ISBN 9781846612635. FLAQUER RIUTORT, Juan. El Uso Obligatorio De La Marca Registrada. <i>Citur</i> Menor (Navarra): Thomson Reuters-Civitas, 2012. ISBN 9788447041367. MIGUEL ASENSIO, Pedro A. d. Derecho Privado De Internet. Madrid: Civitas, 2011. ISBN 9788447035878, 8447035875.

Formato do documento

- Tipo de letra Times New Roman ou similar, en cor negra e tamaño 12.	
- Interliñado de 1,5.	
- Marxes do documento de 3 cm para a parte esquerda e dereita e 2,5 cm para a superior e inferior.	
- Os títulos dos apartados terán tamaño 14.	

- A aliñación dos parágrafos será Xustificada.	
- Engadiremos un encabezado co título do traballo, e na parte inferior insertar o número de páxina.	
- Resaltaremos en negriña as palabras que consideremos que teñen importancia. - Cando citemos literalmente algunha frase ou parágrafo utilizaremos a <i>cursiva</i> ou as comiñas ("") e entre paréntese co/citaremos a fonte consultada.	
- O documento final será exportado a formato .pdf. Hai conversores en liña como ilovepdf, e tamén se pode gardar como .pdf nalgúns procesadores de texto.	
- Gardaremos o arquivo cun nome que identifique a actividade e o autor/a.	Exemplo: Traballo T1.Marta Castro 1ESOA

Envío do documento

Deberemos enviar o arquivo .pdf a través da Aula Virtual na tarefa correspondente desde o correo do alumno/a. O correo identificará ao alumno/a co nome e apelido: marta.castro@gmail.com.